

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CELEBRADA O DÍA 30.3.2017 (EXP.001-SERVPA17).

Na sala de Xuntas da Casa do Concello de Monforte de Lemos, sendo as 10:05 horas do día 30.3.2017, reúnese, habendo sido debidamente convocados ao efecto, os seguintes membros que conforman a Mesa de Contratación.-

Presidente/a da Mesa:

D. José Tomé Roca (Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos) .

Vogais:

D^a. Gloria M^a. Prada Rodríguez (Concelleira Delegada de Réxime Interno)

D^a. M^a Buján Arias (Interventora Acctal).

D. José M^a Baños Campo (Secretario Xeral).

D^a. M^a. Luz Méndez Castro (Coordinadora de Servizos Sociais).

Secretario/a:

D. José M^a Valcarce Rodríguez (Tax).

Comprobada a existencia do preceptivo quórum, pola presidencia declárase perfectamente constituída a Mesa de Contratación e cumpridas as formalidades esixidas pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, procédese ao estudo e debate do primeiro dos asuntos da orde do día da convocatoria da sesión, a saber.-

- *Apertura, en acto privado, do Sobre A: “Documentación Administrativa Previa” dos licitadores concorrentes ao procedemento para a contratación do DO SERVIZO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADES DEPENDENTES VALORADOS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.001-SERVPA17).*

Polo Secretario da Mesa de Constratación se informa de que dentro do prazo concedido para a presentación de ofertas concorreron á licitación as seguintes.-

- CLECE, S.A.
- ATENDO CALIDADE, S.L.
- FUNDACIÓN PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCIÓN DE LA ACCIÓN SOCIAL (FEPAS).

Acto seguido, se leva a cabo polo Secretario da Mesa a apertura dos sobres A dos citados licitadores, co seguinte resultado.-

- CLECE, S.A.-A documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido na cláusula 13.2.A) do prego de cláusulas administrativas particulares.
- ATENDO CALIDADE, S.L.-A documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido na cláusula 13.2.A) do prego de cláusulas administrativas particulares.

- FUNDACIÓN PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCIÓN DE LA ACCIÓN SOCIAL (FEPAS).- A documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido na cláusula 13.2.A) do prego de cláusulas administrativas particulares.

Á vista do contido dos sobres A a Mesa de Contratación, por unanimidade, acora admitir á licitación a todos eles e continuar co procedemento, pasando ao estudo do segundo punto da orde do día da convocatoria consistente en.-

- *Apertura en acto público dos **SOBRES B. CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA. REFERENCIAS TÉCNICAS** dos licitadores concorrentes ao procedemento para a contratación do **DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADES DEPENDENTES VALORADOS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.001-SERVPA17).***

Realizada a apertura polo Secretario da Mesa de Contratación á apertura dos sobres B dos licitadores concorrentes a Mesa de Contratación, por unanimidade, e de conformidade co disposto na cláusula 15ª do prego de cláusulas administrativas particulares, acorda dar traslado do contido dos sobres B á Coordinadora de Servizos Sociais aos efectos da emisión de informe técnico de avaliación dos mesmos.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 10:30 horas, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O Presidente da Mesa

O Secretario da Mesa,

VOGAIS

A Concelleira Delegada de Réxime Interno,

A Interventora Acctal,

O Secretario Xral.,

A Coordinadora de Servizos Sociais,